



DATOS IDENTIFICATIVOS

Principios de economía

Materia	Principios de economía			
Código	V08G210V01105			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Freire Seren, Maria Jesus			
Profesorado	Freire Seren, Maria Jesus Manzano Gonzalez, Baltasar			
Correo-e				
Web	http://webs.uvigo.es/freire-seren/			
Descrición xeral	A economía é unha ciencia social cuxo obxecto de estudo é a sociedade, polo que analiza a toma de decisións dos individuos e como se interrelacionan. O obxectivo desta materia será transmitirles aos estudantes de RR.LL. a forma de pensar dun economista. Ao mesmo tempo, os alumnos descubrirán como o estudo da economía permite coñecer mellor o mundo. O programa da materia ofrece unha visión panorámica das grandes ideas que se repiten en Economía como o custo de oportunidade, a toma de decisións en termos marxinais, o papel dos incentivos, a eficiencia das asignacións do mercado e así ata dez principios de Economía que constitúen o fundamento da maior parte da análise económica. Os temas estrutúranse de tal modo que, sen deixar a un lado a teoría económica formal, faise especial fincapé nas aplicacións e nas cuestións relacionadas coa política económica. Cada capítulo contén casos prácticos que mostran como se aplican os principios de Economía.			

Competencias de titulación

Código	
A8	Coñecer a economía e a situación económica do mercado de traballo
A9	Coñecer as políticas sociolaborais
A26	Capacidade de asesorar e administrar en materia de emprego, contratación laboral, Seguridade Social, Asistencia Social e protección social complementaria
A29	Capacidade para asesorar sobre as medidas máis adecuadas para favorecer a incorporación ao emprego
A30	Capacidade para asesorar en materia de mercado de traballo a axentes sociais e institucións públicas
A31	Capacidade para elaborar, desenvolver e avaliar estratexias territoriais de promoción socioeconómica e inserción laboral no ámbito local
A37	Ser quen de interpretar datos e indicadores socioeconómicos relativos ao mercado de traballo
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Aprender autonomamente
B3	Traballar individualmente e en equipo
B5	Capacidade de administrar a información

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a economía e a situación económica do mercado de traballo	A8
Coñecer as políticas sociolaborais	A9
Capacidade para asesorar e administrar, en materia de emprego, contratación laboral, Seguridade Social, asistencia social e protección social complementaria	A26
Capacidade para asesorar sobre as medidas máis adecuadas para favorecer a incorporación ao emprego	A29

Capacidade para asesorar en materia de mercado de traballo a axentes sociais e institucións públicas	A30
Capacidade para elaborar, desenvolver e avaliar estratexias territoriais de promoción socioeconómica e inserción laboral no ámbito local	A31
Ser quen de interpretar datos e indicadores socioeconómicos relativos ao mercado de traballo	A37
Capacidade de análise e síntese	B1
Aprender autonomamente	B2
Traballar individualmente e en equipo	B3
Capacidade para administrar a información	B5

Contidos

Tema

Parte I: Introducción

1. Os dez principios da economía

2. Pensar coma un economista

Parte II: Oferta e demanda I

-Como funcionan os mercados

3. Oferta e demanda: as forzas do mercado.

4. A elasticidade e as súas aplicacións.

Parte III: Oferta e demanda II

-Mercados e benestar

5. Os consumidores, os produtores e a eficiencia do mercado.

6. Os fallos de mercado e a intervención do Estado.

Parte IV: A conduta do consumidor, da empresa e a organización da industria

7. A decisión do consumidor

8. Produción e custes de produción.

9. A empresa nos mercados competitivos

10. A empresa nos mercados non competitivos

Parte VI. Os datos macroeconómicos e a economía a longo prazo

11. Medición da renda dun país: o PIB

12. Medición do custe da vida: o IPC

13. O desemprego

14. A produción e o crecemento económico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	25	35
Titoría en grupo	3	18	21
Sesión maxistral	35	35	70
Probas de resposta curta	4	20	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Metodoloxía que lle permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistras. Os obxectivos desta técnica son acadar unha maior competencia dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións. Estas clases prácticas impartiranse cada semana ao remate da docencia maxistral e en sesións dunha hora.
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo aproveitaremos tamén a dispoñibilidade das ferramentas informáticas para a aprendizaxe dos contidos teóricos, incluíndo a realización de probas autoavaliáveis no ordenador.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e coa introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	As titorías individuais terán lugar no despacho do profesor da materia. O alumno disporá de 6 horas semanais, previamente fixadas polo profesor, nas que poderá facer consultas relacionadas coa materia. O horario das titorías farase publico ao comezo do ano académico vixente. Nos grupos de docencia reducida, o profesor resolverá as dúbidas que xurdan no desenvolvemento das clases coa realización dos exercicios.
Titoría en grupo	As titorías individuais terán lugar no despacho do profesor da materia. O alumno disporá de 6 horas semanais, previamente fixadas polo profesor, nas que poderá facer consultas relacionadas coa materia. O horario das titorías farase publico ao comezo do ano académico vixente. Nos grupos de docencia reducida, o profesor resolverá as dúbidas que xurdan no desenvolvemento das clases coa realización dos exercicios.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Titoría en grupo	A avaliación destas titorías conforma, xunto coa realización dos exercicios e traballos das clases prácticas, a chamada avaliación continua.	Hasta el 30 de la nota final
Probas de resposta curta	As notas obtidas nos dous exames (o parcial e máis o final) terán un peso na nota global do 70%	Hasta el 70 de la nota final

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final da materia constará de dous bloques. Por un lado, as probas escritas, que valerán ata un 70% da nota (7 puntos) e, doutra banda, a avaliación continua, que pesará ata un 30% na nota final (3 puntos).

Exames escritos (ata 7 puntos): haberá un exame parcial liberatorio da primeira metade da materia na semana 9-10 e un exame final que se realizará na data oficial establecida no calendario de exames. Os alumnos que superen o exame parcial só terán que examinarse no exame final da segunda parte do programa. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final.

Para poder aprobar a materia será requisito imprescindible obter, como mínimo, 3 puntos dos 7 posibles neste primeiro bloque.

Avaliación continua (ata 3 puntos): o 30% restante da nota obterase mediante a avaliación continua do alumno, o que inclúe a asistencia tanto ás clases teóricas como ás clases prácticas e aos seminarios, a entrega de follas de exercicios, a entrega de traballos e a nota dos pequenos controis que periodicamente se poidan facer.

Bibliografía. Fontes de información

Mankiw, N. G, **Principios de Economía**, 4ª edición,
 Bernanke, B. S. y Frank, R. H.,, **Principios de Economía**, 3º edición,
 Krugman P., Wells R. y Olney, M. L.,, **Fundamentos de Economía**, 1º edición,
 Samuelson, P. A. y Nordhaus W. D, **Economía**, 18º edición,

Recomendacións